# 1 VALORES DE *QUOD*

N.B.: pronome relativo nominativo-acusativo singular neutro *quod* ≠ conxunción *quod*

## 1.1 PRONOME RELATIVO NOMINATIVO-ACUSATIVO SINGULAR NEUTRO

As oracións de relativo son oracións subordinadas adxectivas que dan información sobre un substantivo ou pronome do mesmo xeito que o faría un adxectivo. A palabra da oración principal sobre a que informan chámase **antecedente**. Os pronomes de relativo concordan co seu antecedente en xénero e número; non teñen por que concertar en caso.

*Zama oppidum Numidarum erat, quod a Carthagine circiter nonaginta milia pasuum aberat.*
"Zama, que distaba de Cartago cerca de noventa mil pasos, era unha cidade dos Númidas"

### 1.1.1 O falso relativo ou relativo de unión

Cando non hai oración subordinada que introducir (detrás de punto, punto e coma ou dous puntos), o pronome relativo está nunha construción independente. Neste caso, úsase en substitución dun pronome demostrativo e tradúcese como tal:

*Quibus rebus cognitis* "coñecidas estas cousas"

## 1.2 CONXUNCIÓN *QUOD*

### 1.2.1 *Quod* completivo = "que", "o que", "o feito de que"

Introduce subordinadas substantivas que poden funcionar como suxeito, complemento directo ou aposición da oración principal.

Sempre aparece en modo indicativo.

| Accidit | *quod non adest is qui paulo ante adfuit* |
|---|---|
| | **Oración subordinada completiva (suxeito)** |

"Sucede que non está presente quen si estivo un pouco antes

### 1.2.2 *Quod* causal = "porque", "polo que", "polo feito de que"

Pode levar correlacións, aínda que non é necesario: *ideo, propterea,* etc.

Pode aparecer en modo indicativo ou subxuntivo. No caso do subxuntivo, expresa unha causa máis irreal ou allea.

| Horum omnium fortissimi sunt Belgae, | *propterea quod a cultu atque humanitate provinciae longissime absunt* |
|---|---|
| | **Oración subordinada completiva (suxeito)** |

"De todos estes, os máis bravos son os Belgas, polo feito de que son os que máis lonxe están da civilización e do refinamento da provincia [romana]"

**Exercicio: Analiza e traduce as seguintes oracións con *quod*.**

**Identifica a forma verbal, sinala o valor da conxunción ou pronome relativo *quod* na oración, analiza sintacticamente e traduce.**

1. *Id facere laus est quod decet, non quod licet.*

2. *Ille perterritus, quod omnem provinciam consentire intellegebat, ex Sardinia in Africam profugit.*

3. *Post eius mortem Helvetii id quod constituerant facere conantur, ut e finibus suis exeant.*

4. *Multum eos adiuvabat, quod flumen ex nivibus creverat.*

5. *Bene facis quod me adiuvas.*

6. *Amicos fideles ideo habes, quod ipse amicus fidus es.*

7. *Nec multo post Q. Caepio ad idem bellum missus est, quod quidam Viriathus contra Romanos in Lusitania gerebat* **(Eutropio, 4, 16)**

8. *Quod intra paucos menses ingenti et felicitate et celeritate confecit.* **(Eutropio, 6, 12)**

9. *Romani imperii, quod post Augustum defensum magis fuerat quam nobiliter ampliatum, fines longe lateque diffudit.***(Eutropio 8, 2)**

10. *Tu non videris perdidisse quod petis; te credo subripuisse quod pulchre negas.* **(Fedro 1, 10)**

11. *At mehercules narrabit quod quis voluerit, oliva nobis propter fructum est gratior* **(Fedro 3,17)**

12. *Nisi utile est quod facimus, stulta est gloria* **(Fedro 3,17)**

13. *Nihil agere quod non prosit fabella admonet.* **(Fedro 3,17)**